

## DDT, É DICIR, SOBRE A DIFERENCIA, A DIVERSIDADE E MAIS A TELE

MARGARITA LEDO ANDIÓN

*Universidade de Santiago de Compostela*

DDT, como consigna. Como marco no que, en tanto muller investigadora, sitúo a miña intervención: dende a diferencia nacional e de xénero e a prol da identidade, da diversidade, a partir da identidade, nacional e de xénero, coa Tele, ese sinónimo para a industria da comunicación e da cultura e a parte máis visíbel do sistema dos *Media*, como a paisaxe na que arestora se escenifica a Res Pública.

Fáolloles, asemade, como unha autora-pesquisadora que se move por entre as variacións do pensamento crítico e a partir dunha das súas posicíons más coñecidas, aquela que considera a sociedade como o *locus* da verdade, como o ámbito no que cómpre confrontar os paradigmas e aplicar as propostas. Fáolloles, xa que logo, de idas e vidas; de re-envíos e diálogos do eu ao nós; do exterior, do que é a pesar nosa, e do interior, do que somos, a pesar deles: por exemplo, mulleres.

Exprésome desde as Ciencias Sociais e no concreto desde as Ciencias da Comunicación como praxe, como práctica con teoría, e exprésome como detractora de certa tendencia actual que quere substituir a práctica pola técnica, facela desaparecer ao abeiro do discurso tecnolóxico, do *management* e do pensamento neo-liberal con ínfulas de verdade oficial.

Defendo a subxectividade na ciencia e no coñecemento tanto como nas políticas de comunicación e por iso o meu espazo de uso é a chamada «área atlántica» —de Finlandia a Portugal, pasando por Irlanda— e os países da lusofonía: de Galiza a Brasil, pasando por Angola e por Mozambique. E, neste foro, propónolle outravolta unha urxencia para a industria da comunicación e da cultura: a consciencia da lingua galega.

Esta consciencia levoume a traballar, dende 1995, a relación Lingua, Televisión (pública) e Producción de contidos e a teimar na publicación de libros, informes, artigos, ensaios e pedidos, sempre dentro dese triángulo. Doulles noticia do derradeiro «abaixo asinado» que circulou co gallo do Día das

Letras Galegas do ano 2003 e co título *Cine galego en Galego* que no comén, alén de declarar Cine galego o que é rodado e falado en galego, advirte que «a protección e a salvagarda da lingua galega ten que ser a primeira prioridade de todas as institucións públicas involucradas no desenvolvemento do Sector Audiovisual Galego e o compromiso activo dos profesionais e das empresas do sector». E é que os tempos, abofé, no vos son nada bós.

## A lusofonía como variante

*Provocar o incremento do debate académico e sua extensão para o âmbito das actividades profissionais/empresariais da comunicación dos países e comunidades de cultura luso-galego-áσio-afro-brasileira*, a cláusula segunda do Protocolo de Cooperación para a estructuración da Federación Lusófona de Ciencias da Comunicación (Lusocom), asinado en Maputo-Moçambique a 16 de abril de 2002, por asociacións de investigadores de comunicación de Angola, Brasil, Galiza, Mozambique e Portugal, fálanos dun proceso en curso e fálanos, singularmente, dunha extraordinaria posibilidade para intervirmos, como un activo e como una variante de interese, no sistema-mundo.

Como adoito acontece na historia, a idea precedeu á súa posta en práctica; a necesidade creou un certo estado de conciencia; o pensamento encol da diversidade e a política europea da excepcionalidade cultural, que nós aplicamos ao eido da cinematografía e do audiovisual, permitiuños levar o debate para un novo escenario, e todo vai alentando a crenza que estamos no momento acaído para entrar con bo pé no ensaio xeral. O camiño, máis ou menos tortuoso e demorado, comezaba a se debuxar hai cinco años e continuará gañando en detalles e en definición no abril de 2004, nun encontro que terá lugar na Covilhá e so os auspicios da Universidade da Beira Interior, UBI.

Imos, xa que logo, facer o primeiro memorandum; imos procurar aqueles indicios que nos aseguran da bagaxe coa que comezamos este periplo, esta viaxe desde nós proprios, en relación cos coutros, e de cara a un novo modo de entender a pertenza como un proceso en curso, como territorio de intercambio —aquén e alén fronteiras— no que a interculturalidade opera como un obxectivo e como un resultado ao mesmo tempo. Un proceso no que o concepto do público entrena os bens materiais, as persoas, a aprendizaxe e o desexo do aínda incerto.

A Galiza será, neste contexto da Lusocom, unha parte visíbel de nós como suxeito colectivo, como nación, se falarmos en termos de representación internacional, como *locus* no que se manifesta o tráfeeo de productos, de expectativas e de prendas do un cara ao múltiple, de nós cos que non son nós. Para termar dunha imaxe recorrente, de nós, os que retornamos ou debecemos por retornar, os que por lei e por historia conformamos un común ao que se lle

recoñecen dereitos e obrigas, e os diferentes de nós, cos que establecemos acordos e cos que discordamos cando presentimos o risco de desaparecer.

## Do debate á asociación

O primeiro sinal podemos localizalo en 1998 por entre as conclusións do II Coloquio Brasil-EE de Ciencias da Comunicación, celebrado na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela<sup>1</sup>, nomeadamente na 2, 3, e 4, que de maneira explícita se refiren á creación dunha asociación iberoamericana de comunicación —o que despois será Assibercom—, menciona a promoción dunha feira/festival de productos de comunicación —que non chegou a se proxectar— e recomenda un meirande contacto da produción cultural do Brasil, Portugal e Galiza, comprendendo programas televisivos, ficcions seriadas e outras realizacións de interese público. Os dados, áinda que ao azar, xa estaban botados.

En diante calquera foro luso-galaico ou brasileiro tiña tras si como idea seminal o debate arredor do que viría ser a Lusocom. Dende a USC comezabamos a xogar cos da casa nunhas xornadas encol precisamente da euro-rexión Galiza-Norte de Portugal, xornadas que organiza o Goberno autónomo no cadre do programa Interreg. Na nosa intervención avanzamos algunas premisas verbo do espacio luso-galaico en termos de Comunicación. Unha delas refírese a mudanzas no concepto de mundialización como resultado da diversidade e outra ao papel da Universidade como axente na construción da lusofonía e de Galiza como parte da lusofonía.

O espazo luso-galaico entendémolo, xa que logo, como un modo de intervir activamente na definición do proceso de mundialización, tal e como subliñamos a comén do epígrafe. Un proceso no que estamos, queirámolo ou non, imersos e no que estamos imersos dende unha área xeo-lingüística e pluricultural específica que nos identifica e que podería funcionar como un valor engadido ou, pola contra, de seguir escoando, diluírse sen se deixar ver nin ouvir, sen sequer chegar a se deixar notar como perda.

E algo debeu ir prendendo en nós cando na súa sesión plenaria, de 2 de febreiro de 2002, o Consello Económico e Social de Galicia, CES, inclúía no seu informe unha referencia ao audiovisual e parábase na especificidade lingüística como un aspecto que «non debe ser considerado un punto débil senón que, a través do cluster do sector, ten a posibilidade de transformarse nunha avantaxe

<sup>1</sup> Krohling Kunsch, Margarida e Ledo Andión, Margarita, *Comunicación Audiovisual: Investigación e formación universitarias*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 1999.

competitiva, nun mundo globalizado e uniforme no que a diferencia é un valor engadido».<sup>2</sup>

## Dos primeiros ensaios

Existe un modo de intervención na mundialización que é característico das áreas xeo-lingüísticas e culturais, un modo que, dende Europa e en concreto dende a política europea do audiovisual —o ámbito que tratarremos de contado— pasa por defender o que arestora denominamos diversidade cultural como constitutiva da industria da comunicación e da cultura. Un termo, a diversidade cultural, que quererá dicir movernos, facernos visíbeis, meternos como ben no mercado precisamente a traverso dun espacio xeo-lingüístico que existe e que é o da lusofonía. E isto que vimos de significar traerá consigo a necesidade de cambios na investigación universitaria, conducirá a problematizar paradigmas tradicionais para modificar certas entradas nos obxectos de coñecemento, redefinir métodos ou anchor os vieiros que nos han permitido aprofundar nas posibilidades do real. Pensen que non é casual a actualización de mecánicas comparativas para a análise de situacóns máis ou menos homólogas ou establecer experiencias piloto no seo de propostas de carácter xeral. Pensen que non é por acaso que amais da Universidade, teñamos que contar coas políticas públicas de comunicación e co sector privado da industria audiovisual para deseñar proxectos representativos tanto no eido da pescuda como no das propostas, por exemplo para a industria de contidos ou de circulación deses contidos, que visan o artellamento e a dinamización deste tan cobizado sector.<sup>3</sup>

Abundando nesta idea, e aínda que ficou no seu tramo inicial, chegouse a programar unha intervención a tres bandas —universidade, televisión pública, institucións autonómicas na Galiza e rexionais en Portugal— como base para unha futura integración do sector audiovisual, a xeración de valor engadido nos produtos que xa existen e o inicio de aplicacións no cadre da converxencia e da formalización de modalidades de cooperación que, como eslogan, representábase na frase «Televisións periféricas no mercado global» e na elaboración dun estudo prospectivo que viñese comparar o sector audiovisual de Galicia e do Norde de Portugal dende unha perspectiva complementaria, non excluínte e favorecedora de sinerxias.

<sup>2</sup>Véxase «Informe sobre o desenvolvemento da Lei do Audiovisual de Galicia, 2001-2002» do Observatorio do Audiovisual de Galiza, USC, elaborado por Ana Isabel Rodríguez.

<sup>3</sup>Véxase ODA, *Observatorio do Audiovisual, Catálogo 1997-1998*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2000 e *Informe e Catálogo 1999-2000*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2002.

E é que xa non podemos ollar para un futuro que se anuncia como o da «Sociedade do Coñecemento» de xeito estanco. Porque cando falamos de formación é para pensar cómo fazer produtos, e cando falamos de fazer productos é para que entren en circulación nun mercado audiovisual transfronteirizo que se asocia, pola súa banda, co traballo continuado de posta ao día e de experimentación e que no caso referido contemplaba tamén a creación dun Consorcio para a produción audiovisual no que estarían involucrados os operadores de televisión e mais os departamentos universitarios de comunicación con outros aliados potenciais.<sup>4</sup>

## O novo espacio público

A iniciativa, aínda ficando no aíreo estadio do «modelo», animounos a mudar algúns parámetros, tanto conceptuais —verémo-lo deseguido— como estratéxicos, e fixo que nos voltásemos cara o Brasil ao coincidir, por unha banda, a preocupación polo coñecemento do escenario latinoamericano para a posta en marcha, a través do satélite e do cabo, da oferta «Galicia Tv» e, sobre todo, polo significado potencial daquela inmensidáde de país, caso de animarnos a seguir os pasos de experiencias similares á que dende Francia se dinamizaba arredor da francofonía, co seu cerne no caso Québec.

Un dos interrogantes centrouse na valía actual da idea incorporada tocante a que, se ben a produción de contidos pode ampararse no soporte que lle acheguen as políticas públicas, non parece tan doado asegurar que dese mesmo xeito se constrúa un público. A maior abondamento, o feito de producir contidos sen construirmos un público provoca o paradoxo de deixar os contidos á marxe das relacións sociais de comunicación. Construír un público en enxergando, por exemplo, mecanismos de distribución e de exhibición; construílo dende o interese público; dende o acceso ao que en curto poderíamos denominar a representación que unha sociedade se dea e ofreza de si mesma, o que adoito recoñecemos como Identidade; construílo no modo en que estableza relacións coa Identidade do outro, do que non pertence á mesma república, ao percurso común de dereitos e obrigas, pero co que se comparten amores e perspectivas.

Quizais cómpre crarexar que no noso plantexamento nin identidade nin diversidade son algo prefixado ou mesmo herdado de vez. Nin tan sequera

<sup>4</sup> No nivel das propostas considerouse a posibilidade de establecer vincallos entre os programas de «Santiago, Capital Cultural do 2000», «Porto, Capital Cultural do 2001» e «Salamanca, Capital Cultural do 2002», todas elas ciudades de fronteira,, e traballamos en proxectos documentais que, tanto por razóns económicas como por ser un xénero representativo das televisóns públicas, poderían concluir en temáticas comúns para as tres como cidades universitarias, como cidades patrimonio da humanidade, como cidades de fronteira.

utilizamos identidade ou diversidade como aquelo más ou menos estable que adoita presentarse sob o signo de Patrimonial. Traballamos, porén, ámbas as categorías como un *konstructor* que organiza a Cultura en tanto memoria colectiva que fai posíbel a comunicación entre os membros dunha colectividade históricamente ubicada —ou desubicada, non esquezan que este foi un país de emigración— para a creación de senso —función expresiva—, para permiter a relación co entorno —función económica— e para lle outorgar capacidade argumentativa de cara a fixar aquelas convencións que lle dan corpo ás relacións sociais —función lexitimadora—, tal e como a define Armand Mattelart na *Comunicación-Mundo*.

Un *konstructor*, é dicer, un concepto que admite categorías de tipo político, entradas que terán que ver coa democracia como principio para a relación entre culturas, como fundamento da alteridade; que admite categorías económicas, no caso que nos ocupa situadas arredor das industrias culturais, da circulación de productos e do uso do dispositivo tecnolóxico como satisfacción de necesidades e como indicio de certo capital en coñecemento; que require categorías ideolóxicas para configurar esa areia solidaria e controvertida que anomeamos, outravolta, comunicación: quen produz, quen difunde, quen distribúe... tal e como sinalou Sinclair en dicindo que moitas nacións, centrais e periféricas, outorgan especial importancia ao perfil internacional que van confeccionando a través da exportación do seu audiovisual; quen produce, quen difunde, quen distribúe sitúanos xusto diante dun escenario que non podemos, aínda que pechemos os ollos, arrodear.

## A semellanza de modelos

Só como exemplo, e por referirnos a un proxecto doutra xeografía, neste caso intraeuropea, que se inicia neste 2003 e que nomeamos, non sen ironía, *Celtic&Sound*,<sup>5</sup> émos ben útil reparar nun texto da profesora do Instituto de Tecnoloxía de Dublín, Ellen Hazelkorn, a propósito do estereotipo de Irlanda como un país de desenvolvemento tardío, cun sobexo de actividade agrícola e vencellada á cultura da emigración que, de súpeto, pasa a ser coñecida como «o tigre celta». Dende mediados dos oitenta, fainos saber a profesora Hazelkorn, a política irlandesa centrouse na industria electrónica, con interese especial na difusión de información e de produtos culturais e seguiuse unha estratexia de formación superior que uniu a creatividade coa tecnoloxía amais de contemplarse a diáspora como beneficiosa, como un mercado potencial, na era dixital e na era Internet. «Grazas a que os productos culturais —cito literalmente un

<sup>5</sup> Bretaña, Gales, Galicia, Irlanda, somos parceiros nun emprendemento que se concibe a partir do intercambio de grupos e productos musicais.

seu artigo publicado no núm. 6 dos Cadernos do CAC, Consell de l'Audiovisual de Catalunya— dos que semella que Irlanda dispón sobradamente, serán moi importantes no vindeiro milenio, as industrias culturais —a emisión electrónica, os medios escritos e a publicidade, o multimedia e as artes dixitais, o cinema e as artes interpretativas— son consideradas polos políticos como o centro configurador do futuro económico de Irlanda».

Achegándonos a outro dos vectores e se modificamos o modo estándar de mirar a tv e pasamos a considerala como unha ponte entre culturas, como un lugar para a relación multicultural, a observación do caso francófono é, tamén, optimista. Así, unha tv transnacional de carácter xeralista, TV5, unha tv cunha grella en base a informativos, ficción e concursos, coa súa orixe a partir de tres públicas e que difunde seis sinais, para Francia/Suíza/Bélxica, para a Europa non francófona, para África, para Asia, para Oriente, e para Québec, que amplía o seu programa á rexionalización e a súa fórmula a Internet, decidiuse tamén por un proxecto de tv cultural para un espazo político-cultural que une a Francia e ao Québec —quizais o vindeiro punto a discutir para a lusofonía— coa posta en marcha de «Télé des Arts» que tén de parceiros La Sept Art, Radio-Canada, Télé-Québec, L'Equipe Spectra (Festival Internacional de Jazz de Montréal, FrancoFolies, Montréal en Lumière).

## Indicadores e ausencias

E retomando o camiño da casa, tres indicios e certas ausencias no último dos emprendementos públicos permítennos continuar a falar tanto das posibilidades como da conveniencia da lusofonía como un esceario real para o intercambio e a xeración dunha experiencia de grande futuro no eido intercultural, en base a diferentes linguas dun mesmo sistema, a nivel dun mercado que xera expectativas e que pula, asemade, polas aplicacións tecnolóxicas en vencello coa nova economía, e como acción política que cadra cos principios da diversidade e mesmo coas preocupacións do debate europeo tocante á circulación dos productos cinematográficos e audiovisuais<sup>6</sup>. Non esquezamos, unha vez máis, esa recomendación á CE de analisar os problemas crónicos do sector a partir de factores culturais, económicos e políticos que facía no seu lúcido informe a comisaria Redig.

O primeiro indicio, témolos repetido en cada texto, para alén da aprobación da Lei do Audiovisual de Galicia, en setembro do 1999, é a consideración do audiovisual como sector estratégico e a euro-rexión Galiza-Norte de Portugal como un territorio preferente para o intercambio e a coproducción; o

<sup>6</sup>Véxase a Comunicación da CE, baixo os auspicios da comisaria Viviane Reding, durante a presidencia belga, segundo semestre 2001.

segundo é o cumprimento estricto por parte da TVG da normativa europea para programación e investimento; o terceiro, a incorporación —aínda que fose por vía de urxencia— dos criterios que nortearon o protocolo adicional ao Tratado de Amsterdam, no que se define aos sistemas de radiodifusión pública como necesidade democrática, criterios que valeron para darlle resposta a un documento de reflexión da CE a propósito do financiamento das canles públicas, argumentando o uso do galego como de interese común mesmo en espazos de programación que respondan ao modelo comercial. Tocante ao emprendemento derradeiro, o Consorcio do Audiovisual sinala como obxectivos estatutarios, alén da produción, distribución, creación de emprego, actualización tecnolóxica, de investigación e de formación, ou o uso do galego, precisamente a divulgación da produción do sector en Portugal e en lugares con «comunidades galegas», un xiro, unha modalidade de cita que lemos como diáspora e unha ausencia, precisamente a da lusofonía, quizais para esquivar ter que pensar máis alá, no sistema-mundo e nun noso capital singular, por lei e por historia, que se chama idioma, nese sistema-mundo.

Porque falar de espazos en construción, espazos xeo-políticos, culturais e lingüísticos, condúcenos tanto no proceso europeo en curso —Arco Atlántico—, como para a eurorexión Galiza-Norte de Portugal —parte da área lusófona— a entrelazalos de modo natural coa diáspora, unha diáspora preocupada pola oferta de bens da industria da comunicación e da cultura, que exhibe no consumo de «Galicia tv» na Arxentina, México, Venezuela... ou no disco, e a admitir unha outra variación, toda unha área emerxente e ricaz que nos afontala e nos dinamiza nesa relación do próximo-lonxano, unha área que traspasa varios continentes, un sinfín de etnias, diferentes procesos históricos e a aprendizaxe da identidade como reclamo para nós propios e para o mercado.

## Sen fronteira física, con fronteira de intereses

Mantemos, pois, como inevitábel, a discusión de proxectos de integración trans-rexional, como o de Galiza-Norte de Portugal, e a asunción doutras modalidades de integración discontinuas —sen fronteira física— como a que vimos plantexando para a conexión das empresas cinematográficas, audiovisuais e multimedia de diferentes países mediados pola diferencia cultural e unidos polo sistema lingüístico, tanto para a creación de valor da súa producción e dos seus arquivos como para o impulso, en suma, dun certo efecto *clustering* no interior dun mercado global de rápidas mudanzas e de altísima competitividade, para contribuír a crear condicións favorábeis ao desenvolvemento do intercambio, a co-producción e a difusión a partir, tamén, dunha diferenza, a da lusofonía, que non remata na raia nin en Braga.

Porén, a fronteira legal, física e cultural segue patente no interior da Galiza e segue patente cando ollamos o mundo español. Imos tentar reflectir encol do devandito cos últimos datos na man e co Informe do Observatorio do Audiovisual, período 2000-2002 rematado.

Como en anteriores edicións, a produción cinematográfica e audiovisual do último bienio é a protagonista do *Informe xeral* de ODA. A entrega actual, so a denominación calculada de *Os «estados xerais»*, amplíase con achegas sobre programación e audiencias e sobre os espazos que a prensa lle dedica nas súas páxinas ao audiovisual, alén da análise do sector como partícipe da construcción da Sociedade da Información e do papel da Lei do Audiovisual de Galicia no seu desenvolvemento ordinario.

Ao pé da descripción, tipificación e catalogación das obras, determinados índices como o da escasa visibilidade en diversos circuitos (exhibición, festivais, premios...), ou a minguada comercialización fóra de Galiza fan que a estabilidade acadada na producción e no cumprimento dos calendarios de realización non poida funcionar como unha referencia estrutural do sector. A necesidade de establecer variacións programáticas canto ás polísticas para a industria da cultura é unha das conclusións que se derivan do estudo que presentamos, variacións que harmonicen as medidas que se aplican desde a esfera pública —co seu actor máis entregado na TVG— con aspectos imposíbeis de arrodear como o da lingua, o das alianzas para a produción e o das áreas de circulación.

Un paso adiante, dous atrás, as accións e paixóns que identifican a cinematografía e o audiovisual poden verse deseguida afectadas por algo tan rutinario coma o paso das sociedades produtoras 'locais' a simples compañeiras de viaxe, cando non a facer de peña, para casas centrais que se recorten sobre da paisaxe e sobre os cartos que o orzamento autónomo lle dedica a ideas, proxectos e talentos.

### A maior abondamento, o financiamento

Ao fío do devandito cómpre sinalar que neste bienio 2001-2002 traballamos cunha variante cualitativa para a produción, unha variante que define como obra galega só aquela cuxo capital maioritario sexa de Galiza. Corriximos, deste xeito, un desvío voluntario do anterior bienio 1999-2000, en que as indiferenciamos no catálogo por entre as producións doutros territorios que contasen con participación de capital galego. E aínda que numericamente o repertorio se viu aumentado, evimos aparecer na lista de directores e directoras nomes de outras cinematograffas como os de Isabel Coixet, Miguel Litín ou Gonzalo Tapia, o estado xeral desdibuxábase e encubría as feridas que, neste novo informe, xa se fan sentir: non anda a medrar a produción final —aínda

que o número de proxectos abertos sexa considerabelmente meirande—e unha alta porcentaxe de longametraxes non se estrean nos circuitos comerciais.

Sabiamos que non era un período bo para realizar este tipo de axuste. Pero a necesidade de afinar o diagnóstico sobre o sector nun momento no que o Consorcio do Audiovisual se dispón a dictar as cen primeiras medidas, recomendounolo así. Non era un momento bo, dicíamos, porque precisamente un filme de grande suceso, *Os luns ao sol*, de Fernando León de Aranoa, rodado na cidade de Vigo e coproducido pola TVG, foi candidato ao Oscar amais dos premios Goya que acadou. Mais tamén por iso, por respecto a cadansúa cinematografía e á obra de Fernando León, honrámonos, como suxeito colectivo, da nosa participación na súa producción pero non poderíamos incluíla no *label* da nosa cinematografía.

O produto listo para entrar en circulación, producto de *stock* (non de fluxo), de ficción, animación e documental, coas subdivisións pertinentes por duración, xénero ou temática, constitúe o grosor do material a artellar e cruzar entre si, con entradas desde apartados que teñen que ver coas modalidades de producción, o tipo de obra, os custos por hora, o formato, a lingua da V.O. e tamén a promoción e explotación xunto con premios e asistencia a festivais.

Da análise comparativa co bienio precedente sobranea o aumento da coprodución como fórmula —propiciada pola TVG— fronte a outra menos profesionalizada que se viña identificando como «producción propia externa» e que consistía, directamente, nun encargo. A consciencia de se movimentar por entre a construcción da sociedade da información e do coñecemento, usando as ferramentas da sociedade da información e concibindo produtos para os modos de circulación e de utilización en termos da sociedade da información é o apartado novo desta edición e un dos que resulta máis prometedor. Por fin, o desenvolvemento normativo desde as institucións semella que comezou aúa andaina. Tocante á promoción, Internet emerxe como a canle preferencial ao pé da publicidade convencional, e a cativa porcentaxe de obras que tiran beneficio dalgún tipo de promoción indícanos o pouco interese das empresas en investir en márketing ou en movimentar as súas producións por feiras e festivais. Tamén neste caso é a televisión pública quen leva o seu catálogo a algúns dos mercados. Canto á diversificación de soportes, un 13 por cento das obras editánse en video doméstico, soamente un 6 por cento son explotados a través de internet e un testemuñal un por cento faise en CD-ROM. A feiras e festivais acoden un dezaseis por cento das obras, nomeadamente do ámbito español, aparecendo tamén Portugal e Brasil como destino-testemuño dalgúns das longametraxes.

Con participación galega contabilízanse no bienio algúns produtos relevantes como o devandito *Os luns ao sol*, *El Misterio Galíndez*, *Los sin nombre*, amais do documentario *Machín, toda una vida* e a curtametraxe *El Barbero ciego*. Para alén do filme de animación *O bosque animado*, de Manolo Gómez e Ángel

de la Cruz, no período 2001-2002 estrénase *Días de voda*, de Xoán Pinzás, *As Belas Durmientes* de Eloy Lozano, *El alquimista impaciente* de Patricia Ferreira e en xaneiro do 2003 chegan a sala 13 *badaladas*, de Xavier Villaverde, e mais *Ilegais*, de Ignacio Vilar.

A pesar de certa estabilidade e diversidade na produción, do incipiente desenvolvemento lexislativo, da estandarización de fórmulas de producción, a especialización en series televisivas por parte de dúas das empresas de maior tamaño do sector e a concentración dos proxectos en curso nun número limitadísimo de compañías, indican, outra volta, a fraxilidade da industria da cultura en Galiza e deixa á nosa fronte unha liña de sombra, a da invisibilidade nos circuitos de exhibición extra-galegos a cinguir o futuro do audiovisual polo van. *O bosque animado*, o filme de animación que mellor circulou —máis de cincocentos mil espectadores—, gañador de dous Goya, premiado no Fantaporto e polas dúas asociacións de produtoras e de empresas do audiovisual de Galiza, AGAPI e AEGA, ten que ser contemplado en solitario, poida que non coma unha cantareira de serea, mais oxalá que tampouco coma o canto do cisne.